



SUBVENCÍONS A ORGANIZACIÓNS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2025. CONCELLO DE VIGO (POLÍTICA SOCIAL)».

CONVOCATORIA

Bases reguladoras.

As Bases reguladoras do Programa de SUBVENCÍONS A ORGANIZACIÓNS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2025. CONCELLO DE VIGO (POLÍTICA SOCIAL)», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 27 do 10 de febreiro de 2025.

Crédito orzamentario.

A convocatoria estará dotada cun orzamento total de 60.000 € e o gasto poderá financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.09 dos orzamentos municipais (“*Convocatoria subvencións Cooperación*”).

Obxecto, finalidade e destinatarios.

As Bases aprobadas teñen por obxecto regular a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional en países menos desenvolvidos que contribúan a acadar os obxectivos de desenvolvemento sostenible.

Réxime de concesión.

A concesión destas subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nas Bases.

Requisitos.

Poderán solicitar estas subvencións as ONGD que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento ou ter solicitado dita inscrición na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- b) Carecer de ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades lucrativas.
- c) Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa cooperación ó desenvolvemento e o fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades semellantes.

d) Dispor da estrutura necesaria para garantir o cumprimento dos seus obxectivos, acreditando unha experiencia mínima demostrable de tres (3) anos realizando proxectos coa conseguinte capacidade operativa para isto.

e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), Concello de Vigo e coa Seguridade Social.

f) Non estar incurso en prohibición ningunha para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de conformidade cos artigos 10 da LSG e 13 da LXS.

g) Presentar un proxecto que sexa tecnicamente viable.

h) Identificar ás contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, constando expresamente o seu compromiso no proxecto con convenio ou carta de compromiso.

Instrución e resolución: órganos competentes.

O Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo será o encargado da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das solicitudes e proxectos presentados realizarase por unha «Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento». A Xunta de Goberno Local, por proposta do órgano instructor do procedemento, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria indicada.

Presentación de solicitudes e prazo.

As entidades interesadas poderán presentar as súas solicitudes de subvención, en modelo normalizado (ANEXO I), no Rexistro electrónico deste Concello ou nos demais lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP).

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes desde a publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicárase no taboleiro de anuncios e editos do Concello e na páxina web www.vigo.org debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

A solicitude deberá vir acompañada da documentación que se relaciona nas Bases. Deberá estar plenamente actualizada e redactada en calquera dos idiomas oficiais de Galicia. Se a documentación correspondente á contraparte local figurase nun idioma distinto deberá achegarse a súa tradución.

Prazo de resolución e notificación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Recursos.

Contra as Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Criterios de valoración e contía das axudas.

a) Experiencia da ONG ou asociación solicitante e da contraparte (de 0 a 18 Ptos.):

- Número de proxectos realizados pola ONGD solicitante: de dous a catro proxectos nos últimos tres anos, 2 puntos. Cinco ou máis proxectos nos últimos tres anos, 4 puntos.
- Experiencia na zona/país da ONGD solicitante. Presencia acreditada no país, con proxectos nos últimos tres anos, 4 puntos.
- Experiencia de traballo conxunto entre a ONGD e a contraparte, concretada en proxectos, actividades, campañas, etc.: ata dous anos de experiencia previa coa contraparte, 1 punto; dous anos de experiencia, 2 puntos; tres ou máis anos, 4 puntos.
- Experiencia no sector de actuación da ONGD solicitante e da contraparte. Tres ou máis proxectos no sector de actuación (tanto da ONGD solicitante como da contraparte) nos últimos tres anos, 2 puntos. Cinco ou máis proxectos no sector de actuación (entre as dúas, a ONG solicitante e a contraparte) nos últimos tres anos, 4 puntos.
- Ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, e compromiso de mantela aberta durante alomenos un (1) ano despois da finalización do proxecto. A estes efectos, entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente de organización, xa sexa contratado ou voluntario e local fixo para a realización de actividades e/ou aquelas que acrediten a realización de actividades en Galicia, 2 pts.

b) Número de persoas beneficiarias do proxecto (de 0 a 6 Ptos.):

- De 10 a 20 persoas, 2 puntos.
- De 21 a 40 persoas: 4 puntos.
- Máis de 41 persoas: 6 puntos.

c) Grao de adecuación do proxecto ás prioridades sinaladas na Base 2ª, apdos. a), b) e c) (de 0 a 25 Ptos.):

- Proxectos a desenvolver nos países considerados xeograficamente estratéxicos no Plan Director de Cooperación Galega (África: Cabo Verde, Mozambique e Guinea Bissau; América do Sur: Bolivia, Ecuador, Perú; América Central: El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua; Caribe: República Dominicana), nos considerados países menos adiantados (PMA) ou cun Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) baixo, naqueles onde a cooperación galega ten xerado capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e países afectados por conflitos ou crises humanitarias como son a poboación saharai, territorios palestinos, Haití ou outros cuxo contexto xustifique a intervención ou naqueles países nos que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, teñan demostrada ampla experiencia de traballo, como poden ser India ou os países lusófonos, 13 puntos.
- Proxectos dirixidos á mellora dos ámbitos estratéxicos do Plan Director da Cooperación Galega, 8,50 puntos.
- Incorporación das liñas transversais recollidas na Base 2ª, apdo. c), Ata 3,5 puntos (0,5 puntos por cada liña).

d) Contribución ó desenvolvemento integral (de 0 a 6 Ptos.):

- Que formen parte dun programa de desenvolvemento máis amplo. Valorarase moi especialmente a inserción do proxecto nas estratexias públicas de desenvolvemento do país beneficiario, 4 puntos.
- Apoio ó proxecto por institucións ou Administracións públicas, 2 puntos.

e) Garantías de viabilidade, coherencia interna e sostibilidade do proxecto (de 0 a 35 Ptos.):

- Información e coherencia entre obxectivos, actividades e resultados do proxecto, 7 puntos.
- Claridade de obxectivos e da metodoloxía proposta para acadalos, 7 puntos.
- Rigoroso detalle orzamentario e coherencia del cos obxectivos do proxecto, 7 puntos.
- Inclusión de indicadores precisos e realistas que sirvan para facer o seguimento e avaliación do proxecto, 7 puntos.

- Que o proxecto conte con accións que fomenten a sostibilidade unha vez executado o mesmo, 7 puntos.

f) Poboación destinataria (de 0 a 10 Ptos.):

- Poboación beneficiaria claramente definida (identificada, cuantificada e caracterizada), 2 puntos.
- Criterios para a selección dos destinatarios, 2 puntos.
- Grao de participación nas fases do proxecto, 2 puntos.
- Inclusión dos seguintes colectivos vulnerables: infancia, muller, comunidades indíxenas e persoas refuxiadas, ata 4 puntos (1 punto por cada colectivo).

O Concello de Vigo asumirá, como máximo, o 95% do custo total do proxecto, que deberá ser complementado coa achega do 5% restante, como mínimo. Esta achega pode facerse desde a entidade solicitante, o parceiro local e/ou a poboación beneficiaria, entidades privadas ou outras Administracións públicas. As subvencións concedidas serán dun importe máximo de 15.000 € por cada proxecto subvencionado e admítase a reformulación de solicitudes cando o importe da subvención proposta sexa inferior ó que figura na solicitude presentada.

Publicidade.

Unha vez resolto o procedemento, publicarase na páxina web municipal e no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello a información relativa ás entidades beneficiarias, axudas concedidas ou denegadas e a súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

*